

MUSEO PROVINCIAL DO MAR

(Rede Museística da Deputación de Lugo)



PROGRAMA DE ACTIVIDADES ESCOLARES CURSO 2018 / 2019

A Rede Museística Provincial, dependente da área de Cultura da Deputación de Lugo, a través dos departamentos de didáctica dos catro museos que a integran (Museo Provincial de Lugo, Museo Fortaleza San Paio de Narla, Museo Provincial do Mar e Museo Pazo de Tor) pon a disposición dos centros escolares a súa nova programación para o curso escolar 2018 / 2019 coa idea de fomentar o achegamento do alumnado ao patrimonio conservado nos nosos museos.

Coa nosa longa experiencia e o apoio de numerosos docentes que participaron nestas actividades en precedentes cursos procuramos tender pontes de colaboración entre diferentes espazos educativos, presentando actividades lúdicas pero rigorosas con contidos que entroncan coas programacións escolares.

Para concertar a realización de calquera das actividades que presentamos deberase contactar co Departamento de Didáctica do Museo Provincial do Mar.

ACTIVIDADES ESCOLARES CURSO 2018-2019

O obxectivo desta unidade didáctica é poñer en valor o feito de que a provincia de Lugo, ademais de vales e chairas, montañas e ríos, ten areas e cantís, praias e mareas, temporais e flotas pesqueiras... e unha xanela aberta a esa realidade que é o Museo Provincial do Mar, que relata as historias de navegantes e cazadores de baleas, de facedores de barcos e peneiradores do mar, das praias recheas de cunchas que cantan coas pescantinas ao traballar.

Tamén pretendemos comprometernos co medio ambiente, conservar o patrimonio para as xeracións futuras e procurar concienciar e difundir prácticas sostibles baseadas na redución do consumo, na reutilización e na reciclaxe, converténdonos así nun museo que aborda a sostibilidade social, económica e medio-ambiental.

Desta forma queremos ofrecer esta proposta para que a rede colaborativa e sostible na que traballamos se estenda tamén aos centros educativos que, á súa vez, poidan xerar sinerxías connosco na formación, desde o respecto ás persoas e á propia natureza e ao medio ambiente, convidándovos a aprender con nós importantes leccións sobre o noso pasado común e tamén sobre os retos do futuro.

»A agulla de marear

Coñecer a historia da navegación, os diferentes instrumentos de orientación e de navegación é o que se pretende con esta actividade

Para conseguilo, o alumnado deberá pescudar, dependendo do nivel educativo, cales son os nomes dos instrumentos de navegación que se lles presentan nun debuxo ou que deben reencher no oco dun texto.

Nivel educativo: todos os niveis.

»Por aí resopra

Co desenvolvemento desta actividade trataremos de introducir ao alumnado no coñecemento da balea, a súa morfoloxía, o seu hábitat, os seus costumes e a tradición da súa caza na costa galega, tanto no período XIII-XVIII como no s. XX, os usos que se facían da mesma ou as diferencias da caza e da manufactura do animal nunha e noutra época.

Dependendo do nivel educativo, terán que pescudar cales das afirmacións que se lles presentan son verdadeiras ou falsas.

Nivel educativo: todos os niveis.

»Contouche alguén canto dura o teu lixo?

Estamos aumentando dun xeito exponencial a xeración de lixo e materiais de desfeito cunha biodegradación cada vez máis prolongada e complexa que se dificulta aínda máis no mar e que está a provocar gravísimos problemas na sostibilidade do hábitat mariño.

Nesta actividade trataremos de fomentar no alumnado as boas prácticas en sostibilidade medioambiental, pescudando canto tardan en biodegradarse diferentes refugalloos ou en que contedor deben ir cada un deles, dependendo do nivel educativo.

Nivel educativo: todos os niveis.

»Arriba a bandeira

O alumnado traballará co Código Internacional de Sinais. Explicarase o significado xeral e a función tan importante que teñen na comunicación entre barcos a pesar de que as novas tecnoloxías as deixaran en desuso.

Finalmente, o alumnado escribirá o seu nome no código internacional de bandeiras.

Nivel Educativo: todos os niveis.

»Un mar de linguas

O mundo do mar e da navegación foi sempre un claro exemplo de que a comunicación sempre será posible de usarmos o código axeitado, así a luz dos faros, os sons das sereas, os códigos de bandeiras..., permitiron o entendemento dos tripulantes deste mar de linguas.

Nos tamén, nun museo do que presumimos de que é “de todxs e para todxs”, facemos uso de moi diversos códigos para efectivamente facer chegar a todxs os nosos relatos, o braille, os pictogramas, a linguaxe fácil, o galego, o inglés, o español...

Máis como museo sostible, somos conscientes de que debemos conservar o noso patrimonio para as xeracións futuras e a nosa lingua é sen dúbida a nosa máis importante vía de preservar a nosa historia e a nosa tradición cultural.

Tras dunha visita na que mesturaremos diferentes linguas e códigos, identificaremos algunhas das pezas que vimos de coñecer na visita en varias linguas.

Nivel educativo: 2º ciclo de E. Primario e ESO.

»Crea o teu propio museo

Os escolares construírán dunha forma práctica, imaxinativa ou simplemente teórica o seu propio museo a partir dun diálogo cos docentes, a súa propia comunidade e os profesionais da Rede Museística. Poderá realizarse como continuidade do Museo Provincial do Mar ou como reflexo crítico da comunidade do centro ou calquera outra variable humana na que se insira o alumnado: comunidade, comarca, infancia, xénero...

»Reescribindo a historia das mulleres do mar

Os museos temos a obriga de reescribir e revisar a historia, dándolle o papel protagonista a personaxes que quedaron ocultos porque a historia foi sempre contada dende ámbitos de poder.

É por iso que no Museo Provincial do Mar queremos visibilizar o ata agora protagonismo oculto de mulleres como Manuela Goñi (benfeitora da escola), dona Sagrario (mestra) ou Anne Bonny (pirata).

A tal fin crearemos un mapa no que marcaremos con triángulos vermellos uns códigos nos que relataremos a historia das mulleres do mar.

»Muller na Arte, Arte na Muller

Idades: Desde E. Infantil ata BAC

Duración: de 45' a 60'

Limiar: Esta proposta didáctica parte da necesidade de impulsar a asociación dos museos e as institucións educativas para crear estratexias que permitan superar as desigualdades de xénero mediante un achegamento crítico á historia e teorías da arte.

A proposta materialízase nun itinerario integrado por distintas pezas que actualmente se exhiben. Este responde á necesidade de dar unha maior visibilidade ao traballo das mulleres e a súa participación tanto na vida material como significativa ao longo da historia.

Obxectivos: O obxectivo fundamental da proposta é achegar a presenza das mulleres na elaboración de materiais artísticos e destacar a súa presenza significativa nas representación da arte e dos obxectos cotiás, dende unha perspectiva feminista, ao público en xeral e ás persoas mozas que se atopan en período de formación en particular.

Dende a Rede Museística pártese da idea de que a actividade artística é un motor de coñecemento, comunicación, expresión e transformación polo que a través desta actividade ábrese novas vías de reflexión baseadas na

participación activa, interrogando criticamente a historia e as teorías da arte, a inclusión da perspectiva de xénero e os principios co-educativos.

No tocante aos obxectivos específicos, tratarase de:

- Analizar as obras desde unha perspectiva feminista.
- Descubrir a existencia de mulleres artistas.
- Relacionar as creacións artísticas coa experiencia persoal das creadoras e dos contextos históricos.
- Fomentar o pensamento crítico.
- Promover a igualdade de dereitos e oportunidades.
- Reforzar os principios de empatía e comprensión dos outrxs, de outras sensibilidades e identidades.
- As mulleres artistas: achegamento á súa biografía e o seu proceso creador.

Descrición da actividade: A orde que se segue para a estruturación do percorrido é o espacial do propio museo. A elección das pezas ou os espazos intenta recoller a diversidade do propio museo.

Metodoloxía: Dado que non se trata dunha actividade concretada para un público específico, o persoal do museo acompañará a visita aportando os coñecementos e reflexións precisas para imaxinar a realidade da muller como artista e como personaxe principal da historia. Ao rematar sería conveniente realizar unha mesa redonda ou un coloquio para pór en común o observado e escoitar as opinións críticas dos visitantes.

Departamento de Didáctica do Museo Provincial do Mar
(34) 982 594 572 museodomar@museolugo.org
redemuseisticalugo.org



DEPUTACIÓN
DE LUGO



REDE MUSEÍSTICA
PROVINCIAL DE LUGO
MUSEO PROVINCIAL DO MAR